

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 11 DE FEBREIRO DE 2019.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día once de febreiro de dous mil dezanove; as dez horas e doce minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro , Don Javier Iglesias Sendín., Dona María López Touza.

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado catro de febreiro do dous mil dezanove (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

ACOMETIDA DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO

1.- Visto o escrito presentado por D^a Olimpia Rodríguez González solicitando acometida de auga en Rúa Ribeiro nº 5, 3 esquerda , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 1-2-2019 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

2.- Visto o escrito presentado por D^a Elisa Martínez Santamaría solicitando acometida de auga en Rúa Ramón Otero Pedrayo nº14, 2 esquerda , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 31-1-2019 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da

taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

-Escrito de don Brais Fidalgo Martínez, portavoz do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, no que solicita: “ A convocatoria de xuntanza de todos os grupos municipais con todos os traballadores do GES- Emerxencias Ribadavia.

A xunta de goberno acorda comunicarlle que se va a celebrar unha reunión a nivel provincial de todos os alcaldes para tratar o tema dos GES, e que unha vez se celebre dita reunión se dará a información correspondente.

-Escrito de don Brais Fidalgo Martínez , portavoz do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, no que expón :” En relación coa situación de avaría nun sumidoiro na parroquia de Santo André de Camporredondo, na zona de Fondevila . Solicito: Que se visite a analice dita avaría e se leve a cabo a reparación de dito sumidoiro”

A xunta de goberno acorda comunicarlle que nos próximos días a empresa concesionaria Aqualia procederá á reparación da avaría.

-Escrito de don Brais Fidalgo Martínez , portavoz do grupo municipal Ribeiro en Común, no que solicita: “ A contratación de cando menos, tres auxiliares de policía local para reforzar o servizo , ata que o proceso selectivo remate coa incorporación das prazas aprobadas polo goberno que serán 5”

A xunta de goberno local acorda comunicarlle que por parte do concello xa se están realizando as xestións administrativas oportunas.

-Escrito de dona Ruth Alvarez Valeiras García no que expón “ que aparece cargado en la cuenta de mi hija María Alvarez Valeiras García , el importe de 38 euros cuya copia del recibo adjunto. Que mi hija causó baja con fecha de 30.6.2018 .Que por ello ruego se tramite la devolución del importe indebidamente cobrado en la misma cuenta.

Visto o informe do Director do Servizo Municipal de Deportes:

“ A interesada non presenta solicitude de baixa como aboada ao SMD según o establecido para as liquidacións domiciliadas. Nembargantes da solicitude presentada se desprende o interés da interesada en causar baixa no servizo. Polo que procede a devolución do cargo.”

A xunta de goberno acorda proceder a devolución do importe de 38 euros en concepto de cuota de abono ao Servizo Municipal de Deportes de dona María Alvarez Valeiras García.

-Escrito de dona Ana Fernández Gayoso, con rexistro de entrada no concello de 8 de febreiro de 2019, no que fai constar que “ na data de hoxe día 8 de febreiro de 2019 tiven que asistir a constitución da mesa electoral sindical en horario de 10:45 ata as 13:00 horas non estando estas horas no meu horario de traballo habitual polo que solicita a compensación ou pagamento das horas de asistencia a mesa”

A xunta de goberno acorda comunicarlle que a asistencia, fora da xornada laboral, á constitución dunha mesa electoral para ás eleccións ao concello non conleva dereito a unha indemnización económica ou á compensación horaria.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A xunta de goberno local toma coñecemento dos seguintes:

-Escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade , con motivo da inspección realizada ao sistema de auga quente sanitaria do CEIP Plurilingüe Ribadavia , en cumprimento do Programa da prevención e control da lexielose de Galicia.

-Trámite de audiencia de proxectos de explotación de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

Dase conta do Convenio de Cooperación Educativa entre o Instituto Complutense de Ciencias Musicais , instituto universitario da Universidade Complutense de Madrid e o concello de Ribadavia relativo aos alumnos Don Jorge Varandela Rodríguez e dona Raquel Espada Ares.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dez horas e vinte e cinco minutos da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE